



**vivenda colectiva**

Conferencia

Día **17** de Xaneiro as **19:30** Horas na **libreríaformatos**

## O PROCESO SAAL E A ARQUITECTURA DO 25 ABRIL 1974

DR. ARQ. JOSÉ ANTÓNIO BANDEIRINHA

O 25 de abril de 1974 prodúcese en Portugal un feito excepcional como é a *Revolução dos Cravos*. Unha revolución pacífica que trae como consecuencia a caída da ditadura e a formación do 1º Goberno Provisional.

O 16 de Maio é nomeado Secretario de Estado de Vivenda e Urbanismo o Arq. **Nuno Portas**. Gran coñecedor da problemática da vivenda neses momentos, pois no Portugal do 1974 había unha carencia de 600.000 vivendas e o 25% da poboación vivía en infravivendas.

Ó amparo dos *Ministérios de Equipamentos Social e Administração Interna*, o 31 de Xullo de 1974, Nuno Portas impulsa só dous meses despois de chegar o goberno o programa **SAAL** [*Serviço de Apoio Ambulatório Local*].

O **SAAL**, un servizo descentralizado e móbil no que cada Brigada da soporte proxectual e técnico a barrios degradados para construír novas vivendas, infraestruturas e fornecendo de melloras de habitabilidade ás vivendas existentes.

O Resultado do programa, que remata ao ser transferido as *Câmaras Municipais* en Outubro de 1976, é o seguinte:

- 169 Operacións en todo Portugal.
- 2.259 Vivendas en construción e 5.741 en comezo inminente.
- Cooperación con 41.665 Familias de recursos escasos.

Neste proceso asinan proxectos os mellores arquitectos de Portugal, cabe destacar a Fernando Távora, Álvaro Siza, Gonçalo Byrne, Keil do Amaral, Pardal Monteiro, Sérgio Fernández, Manuel Tainha, Adalberto Dias, Alcino Soutinho, Manuel Fernandes de Sá, Hestnes Ferreira.



[c] Alexandre Alves Costa

**libreríaformatos**

Rúa Fernández Latorre, 5\_15006 A Coruña